



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 26 de setembro de 2017 da Xefatura Territorial da consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Ribadeo (expediente IN407A 2017/21-2, 8489-AT).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que a seguir se describe:

- Solicitante: B.E.G.A.S.A.
- Domicilio Social: Rúa Ramón Mª Aller Ulloa,9, 27003 Lugo
- Denominación: cambio de sección na LMTS Ribadeo entre CT 3438 Canelas e CT 4958 Paradela
- Situación: concello de Ribadeo
- Características técnicas:
 1. 3.700 m de LMT soterrada, en conductor RHZ1 240.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310 do 27 de decembro) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE núm. 310 do 27 de decembro), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e na resolución do 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 do 19 de marzo), esta xefatura territorial, de acordo coas competencias que resultan dos Decretos 129/2015, do 8 de outubro (DOG núm. 194, do 9 de outubro) e 175/2015, do 3 de decembro (DOG núm. 232, do 4 de decembro) polos que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, e tendo en conta o Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro,(DOG. núm. 22 do 1 de febreiro) sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

Conceder a autorización administrativa previa e de construción das ditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran no seu proxecto e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial e outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución cabe interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que xulgue pertinente ao seu dereito.

Lugo, 26 de setembro de 2017.- A Xefa Territorial de Lugo, Pilar Fernández López

R. 2898

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
SERVIZO CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACION PUBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

NAVIA DE SUARNA.- Esche e mellora da LU-P- 1901 De Fonsagrada a Navia , p.k. 0+000 a 3+600 (EX011OB17AB)

Nº 104 POS 2016 RIBAS DO SIL.- Rehabilitación de firme LU-P- 5302 De San Clodio a Casares, p.k. 10+800 a 15+810 (EX014OB17AB).

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto.

Palacio Provincial de Lugo a 29 de setembro de 2017. O PRESIDENTE, Darío Campos Conde. O SECRETARIO, Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 2896

Anuncio

ADXUDICACIÓN DE CONTRATO

CONTRATACIÓN OBRA: SOBER.- Acondicionamento da estrada LU-P- 5903 De Sober a Doade, p.k. 8+260-10+720

1. Entidade adxudicadora:

- a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento. Unidade de Obras e Plans.
- c) Nº de expediente: (EX025OB16AB)
- d) Dirección web: Plataforma contratación del sector público (<https://contrataciondelestado.es>)

Obxecto do contrato : SOBER.- Acondicionamento da estrada LU-P- 5903 De Sober a Doade, p.k. 8+260-10+720 .

a) Tipo: Contrato de obras.

Descrición do obxecto:

CPV: 45233225-2 Traballos de construción de estradas de calzada única.

Medio publicación anuncio licitación: Boletín Oficial de la Provincia nº 051 do 3 de marzo de 2017 e Plataforma contratación del sector público (<https://contrataciondelestado.es>)

2. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Orzamento base da licitación:

Importe neto 274.703,44 euros. IVE (21%) 57.687,72 euros. Importe total: 332.390,66 euros.

- a) Data de adxudicación: 14 setembro de 2017
- b) Contratista: OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL (OPAIN SL)
- c) Importe neto: 187.320,27 € e 39.337,26 € de IVE,. Importe total: 226.657,53 €
- d) Melloras de obra: unha mellora de obra consistente en cunetas a revestir con formigón de 400 metros, coas características definidas na cláusula 10.2 do prego de CAP.
- e) Plan de Comunicación: 5.494,07 € e 1.153,75 € de IVE
- f) Prazo de execución: 8 MESES

Lugo, a 22 de setembro de 2017 .O SECRETARIO. P.S O SECRETARIO -INTERVENTOR, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 2897

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución de alcaldía nº: 2017-0386 do 18 de setembro de 2017, préstase aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de agosto de 2017 de acordo ao seguinte desglose:

- Dependencia: 2.830,36.-€
- Libre concorrência: 897,12.-€

Expóñense ao público por prazo de quince días, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determinase que o período de pagamento en voluntaria, de acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, é o comprendido entre o 15 de novembro de 2017 e o 15 de xaneiro de 2018. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26,27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

O que se anuncia e se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación e 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Alfoz, 28 de setembro de 2017.- O Alcalde, Jorge Val Díaz

R. 2899

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 27 de setembro de 2017, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de agosto de 2017 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 27/11/2017. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 28 de setembro de 2017.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez,

R. 2900

BÓVEDA

Anuncio

Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e canon da auga do 2º trimestre do exercicio 2017.

Por Resolución da Alcaldía de data 27 de setembro de 2017, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e canon da auga, correspondente o 2º trimestre do exercicio 2017, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen oportunas, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación contra o mesmo. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día **2 de outubro ó 2 de novembro de 2017.**

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas o mesmo, e notificadas colectivamente perante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da finalización do período de exposición ó público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante a Alcaldía Presidencia, de acordo con canto establece o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Trascorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se pruduzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao aveiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

En Bóveda a 28 de setembro de 2017.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Arias López

R. 2901

CERVANTES

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Aprobada provisionalmente polo Pleno deste Concello na sesión celebrada o 27 de setembro de 2017 a modificación da ordenanza fiscal nº 10 reguladora do Imposto de Bens Inmóveis, o referido acordo de modificación e a respectiva ordenanza expóñense ao público polo prazo de 30 días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas, que deberán ser dirixidas ó Sr. alcalde-presidente da Corporación.

Cervantes, 28 de setembro de 2017.- O alcalde, Benigno Gómez Tadrín

R. 2902

O CORGO

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 27 de setembro de 2017, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 6/2017, de suplementos de crédito, por un importe de trinta e seis mil euros (36.000,00 €.-), terceiro de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 28 de setembro de 2017.- O alcalde-presidente, José Antonio Ferreiro González.

R. 2903

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 27/09/2017, aprobou inicialmente o expediente núm. 1/2017 de modificación de créditos do orzamento do 2017. Dando cumprimento ao preceptuado no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, expónse ao público por prazo de quince días hábiles na secretaria deste Concello que comezará a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas e que deberán dirixirse ao sr. alcalde-presidente deste Concello.

A Pobra do Brollón, 28 de setembro de 2017.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño

R. 2904

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

Aprobación definitiva de modificación de crédito 16/2017 por concesión de créditos extraordinario 6/CE/2017

Finalizado o período de exposición ó público para poder examinar e presentar as oportunas reclamacións ó expediente de modificación de crédito número 16/2017, dentro do orzamento municipal do exercicio 2017, e tendo en conta que durante o período que vai dende o 18 de setembro ó 06 de outubro de 2017, según edicto insertado no Boletín da Provincia de Lugo número 214, de data 16 de setembro de 2017 e no Tablón de anuncios do Concello, non se presentaron alegacións contra o mesmo. O mencionado expediente queda elevado a definitivo tal e como establece o artigo 169 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locales e se fai público a modificación presupuestaria acordada.

CRÉDITO EXTRAORDINARIO

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		DENOMINACIÓN	C. ANTERIOR	INCREMENTO	C. DEFINITIVO
450	619	Acondicionamento do edificio principal do mercado de Pedrafita do Cebreiro. Mellora de construcións existentes no mercado ambulante.	204.363,26	20.000,00	224.363,26

O importe total da modificación de crédito financiarase co remanente líquido de tesourería para gastos xerais, calculado según o establecido na regra 83 da Instrucción de contabilidade:

CONTROL DO REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS(RTGX)	IMPORTE €
Remanente Inicial:	1.904.655,73
Remanente Utilizado:	64.878,90
Remanente Líquido de Tesourería Disponible:	1.839.776,83
Remanente Líquido de Tesourería en esta modificación:	20.000,00
Resto de Remanente de Tesourería Disponible:	1.819.776,83

O que se fai público en cumprimento a normativa vixente, significando que contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

En Pedrafita do Cebreiro, 6 de outubro de 2017.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena

R. 2962

SAMOS*Anuncio*

En cumprimento do establecido no artigo 97 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de réxime local, faise público que por resolución de Alcaldía de data 27/09/2017 aprobáronse as "BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (3 PEÓNS DE SERVIZOS MÚLTIPLES DURANTE DOCE MESES) QUE SE CONTRATE NO CONCELLO DE SAMOS AO ABEIRO DO "PROGRAMA DEPUEMPREGO 2017" DENTRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017" e ábrese un período de presentación de instancias de cinco (5) días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do presente Anuncio no B.O.P. de Lugo.

O texto íntegro da citada Resolución de Alcaldía e as Bases poderán consultarse na páxina web do Concello (www.concellosamos.es) e no taboleiro de anuncios do mesmo.

En Samos a 28 de setembro de 2017.- O Alcalde en funcións, José Antonio García Jurjo

R. 2873